

**BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL, DE 5 POSTOS DE TRABAÑO PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS E SERVIZOS DO ANO 2016/ PROGRAMA DE CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DE VÍAS. (REBACHEO)**

**1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da convocatoria a contratación con carácter temporal, en réxime de dereito laboral e cunha xornada do 75 por 100, dos seguintes postos de traballo:

- 1.- OFICIAL DE 2ª – CONDUTOR.
- 4.- PEÓNS.

**1.1. FUNCÍONS.**

Desempeñarán as funcións propias da súa categoría e grupo profesional adscritos á Brigada municipal de obras e servizos, e nomeadamente desenvolverán as súas tarefas preferentemente no ámbito de : **Conservación e Reparación das Vías Municipais (REBACHEO)** , con manexo das ferramentas e da maquinaria de que se dispón: Pala, camiión gravillador , máquina compactadora , cisterna de rego asfáltico, desbrozadoras.....etc.

Poderán tamén prestar os seus servizos - en caso de ser necesario - no ámbito doutros servizos públicos básicos ou obrigatorios como o abastecemento de auga, saneamento , limpeza viaria, recollida de residuos.....etc

**2.- DURACIÓN DO CONTRATO E XORNADA LABORAL.**

2.1. **DURACIÓN DO CONTRATO.**- A duración do contrato laboral dos traballadores será de CINCO ( 5 ) meses, estando en principio previsto o seu inicio o día 1 de Maio de 2016 e o remate o día 30 de Setembro de 2016.

2.2. **XORNADA LABORAL.**- A xornada laboral será de 30 horas semanais, de luns a venres.

**3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Para ser admitidos neste proceso de selección os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea, nos termos do disposto no Estatuto Básico do Empregado Público. ( Lei 7/2007, de 12 de abril ).
- b) Ter capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.
- d) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.
- f) Ser demandante de emprego no posto a cubrir.
- g) Para o posto de traballo de Oficial de 2ª – Conductor, ademais dos requisitos anteriores deberán contar co carnet de conducir clase- C1 ou equivalente.

Os aspirantes que non teñan nacionalidade española e poidan participar nesta convocatoria, deberán, igualmente, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

#### **4.- SOLICITUDES.**

##### **4.1 FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN**

Os que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán dirixir a súa solicitude - segundo o modelo previsto no Anexo I - ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Begonte, presentándoa no rexistro xeral do citado Concello ou na forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, reformada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, ( neste caso deberán comunicalo mediante fax ) no prazo de **Cinco días ( 5 ) hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación do último anuncio da correspondente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina Web do Concello ( [www.concellodebegonte.es](http://www.concellodebegonte.es) ). As bases publicaranse íntegramente no taboleiro de edictos do Concello e na páxina Web. Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Edictos do Concello.

Na solicitude farase constar que reúnen os requisitos esixidos para tomar parte no concurso.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes procederase á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro municipal de anuncios e páxina web, outorgándose ao respecto un prazo de 2 días para alegacións. Resoltas, no seu caso, as alegacións publicarase a lista definitiva no taboleiro de anuncios e páxina web ou elevarase a definitiva a lista provisional de non producirse as mesmas.

##### **4.2. DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE.**

As solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- Fotofopia cotexada, no seu caso, do permiso de conducir esixido.
- Documentación que acredite os méritos alegados, para a súa valoración.

Os méritos non acreditados documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes non serán valorados, e xa que logo, non serán obxecto de subsanación posterior ao día que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

#### 4.3. FORMA DE ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS.

- Experiencia profesional: copia compulsada dos correspondentes contratos de traballo e, no seu caso, certificado descritivo expedido polo órgano responsable do cometido funcional ou tarefas desenvoltas.
- Cursos de Formación: Orixinal ou copia compulsada do diploma ou certificado acreditativo da súa asistencia.
- Empadronamento: Certificación oficial do Concello.

#### **5.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.**

Dadas as tarefas a desenvolver , o procedemento de selección será o Concurso e na selección dos traballadores/as, terase en conta a súa experiencia profesional , coa categoría e cometido funcional concreto de cada posto a cubrir, os cursos de formación directamente relacionados co posto de traballo e o coñecemento do termo municipal acreditado polo empadronamento, complementándose cunha entrevista curricular dirixida a apreciar as actitudes dos aspirantes para o mellor desempeño do posto de traballo.

#### **MÉRITOS COMPUTABLES NA SELECCIÓN DO OFICIAL 2ª- CONDUCTOR:**

##### **I.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: Máximo 5,00 Puntos.**

- A) Servizos prestados como traballador - dentro da Brigada Municipal de obras e servizos do Concello de Begonte - en posto de traballo da mesma categoría e cometido funcional ao que se aspira ( Oficial 2ª – Conductor de maquinaria de obras) , aplicando 0,30 puntos / mes completo.
- B) Servizos prestados noutras Administracións Públicas ou Empresas Privadas do ramo específico das “obras públicas” en posto de traballo da mesma categoría e cometido funcional ao que se aspira ( Oficial 2ª - Conductor de maquinaria de obras) , aplicando 0,20 puntos/ mes completo.

**II.- CURSOS DE FORMACIÓN: Máximo 1,00 puntos.** Pola realización de cursos ou actividades de formación directamente relacionadas coas funcións ou tarefas do posto , impartidas por Organismos Oficiais ou Centros de Estudos de calquera Administración Pública, a razón de 0,02 puntos/hora.

##### **III.- OUTROS MÉRITOS: Máximo 2,00 Puntos.**

- Por posuír o carné de conducir de clase superior ao esixido na Bse 3ª : 1,00 punto.
- Por estar empadronado no municipio : 1,00 punto.

##### **IV.- ENTREVISTA: Máximo 2 puntos.**

A entrevista que terá carácter previo constará dun grupo de preguntas que obrigatoriamente se lle farán a tódolos aspirantes.

## **MÉRITOS COMPUTABLES NA SELECCIÓN DOS PEÓNS :**

### **I.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: Máximo 6,00 Puntos.**

- A) Servizos prestados como traballador - dentro da Brigada Municipal de obras e servizos do Concello de Begonte – en posto de traballo da mesma categoría e cometido funcional ao que se aspira ( Peón con manexo de maquinaria), aplicando 0,30 puntos por mes completo.
- B) Servizos prestados como traballador noutras Administracións Públicas ou empresas privadas do ramo específico das “obras públicas” en posto de traballo da mesma categoría e cometido funcional ao que se aspira ( Peón con manexo de maquinaria) : 0,20 puntos por mes completo.

II.- **CURSOS DE FORMACIÓN: Máximo 1,00 puntos.** Pola realización de cursos ou actividades de formación directamente relacionadas coas funcións ou tarefas do posto , impartidas por Organismos Oficiais ou Centros de Estudos de calquera Administración Pública, a razón de 0,02 puntos/hora.

### **III.- OUTROS MÉRITOS: Máximo 1,00 Puntos.**

- Por estar empadronado no municipio : 1,00 punto.

### **IV.- ENTREVISTA CURRICULAR: Máximo 2,00 puntos.**

A entrevista que terá carácter previo constará dun grupo de preguntas que obrigatoriamente se lle farán a tódolos aspirantes.

## **6.- DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN.**

### **6.1.- Tribunal de Selección:**

O Tribunal de Selección, que será designado pola Alcaldía e cuxa composición publicarase no taboleiro municipal de anuncios e páxina web, estará integrado por 1 Presidente, 1 Secretario e 3 Vogais, todos eles funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo dunha Administración Pública.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, serán resoltos polo Tribunal, por maioría.

Para a válida constitución do Tribunal será necesario a asistencia de polo menos 3 membros, e en todo caso do Presidente e do Secretario.

#### 6.2.- Desenvolvemento do Proceso de selección:

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e a subsanación das mesmas, no seu caso, o Tribunal de Selección procederá a súa valoración, logo da realización da entrevista curricular.

A estes efectos, os méritos non acreditados documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes non serán valorados, e xa que logo, non serán obxecto de subsanación posterior ó día que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

As entrevistas terán lugar no Concello ás doce horas (12,00 h ) do 3º día hábil seguinte ao do remate do prazo de presentación de instancias, agás que sexa sábado, suposto no que as probas terán lugar no primeiro día hábil seguinte. Pola presente, quedan citados os aspirantes para que comparezan no lugar, data e hora sinalados. A non comparecenza á entrevista suporá a eliminación do aspirante do proceso selectivo.

Valoraranse os méritos e realizarase a entrevista dos aspirantes por orden de presentación de instancias no rexistro do Concello. A entrevista será, en todo caso, anterior á valoración dos méritos.

En caso de empate na puntuación, a orde de prelación é a mesma ca dos méritos. ( Experiencia profesional, cursos de formación, outros méritos, entrevista ).

#### **7.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.-**

O Tribunal de Selección realizada a entrevista e as valoracións formulará proposta de contratación, sen que ésta poida superar o número de postos convocados.

A proposta de contratación notificarase aos aspirantes seleccionados e publicarase no taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web.

#### **8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.-**

Os aspirantes propostos para ser contratados, dentro do prazo de dous días naturais, a contar dende o seguinte ao da publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos do concello, deberá presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria previstos na base 3ª.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- a) Fotocopia do D.N.I., que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsión.

- b) Copia auténtica ou fotocopia (que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa) do Título esixido ou resguardo xustificativo de ter solicitado a súa expedición, no seu caso.
- c) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa legislación vixente.
- d) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.
- e) Copia cotexada do permiso de conducir, ou fotocopia, que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa.
- f) Fotocopia da tarxeta sanitaria e nº de conta bancaria ( Código IBAN )

### **9.- RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-**

Constatado mediante a documentación sinalada no apartado anterior, que os aspirantes propostos reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente resolverá a favor dos aspirantes propostos e formalizará cos seleccionados o correspondente contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

### **10.- NORMATIVA.-**

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación as seguintes disposicións :

- Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.(Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro ).
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia
- Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común.

### **11.- RÉXIME DE RECURSOS.-**

A convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven desta e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados na forma e prazos establecidos na vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Begonte, a 8 de Abril de 2016  
O ALCALDE.

Asdo. José Ulla Rocha.

## ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE

### I.- DATOS REFERENTES AO POSTO DE TRABALLO

BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS E SERVIZOS. PERSOAL LABORAL TEMPORAL ANO 2016.  
**PROGRAMA DE CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS ( REBACHEO).**

Categoría: \_\_\_\_\_

Grupo Profesional: \_\_\_\_\_

Duración : 5 Meses / Xornada Laboral : 75 por 100.

### II.- DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
Data de nacemento	D.N.I	Nacionalidade
Domicilio		
Municipio	C.P. Provincia	Teléfono Correo:

### SOLICITA

Ser admitido nas probas selectivas convocadas para a contratación laboral temporal do posto antes descrito, declaro que son certos todos os datos consignados nesta solicitude, e que coñezo e reuno as condicións e requisitos esixidos pola base 3) desta convocatoria, referidos á data en que remata o prazo de presentación de instancias.

Begonte, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2.016

Sinatura

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BEGONTE.**

## MÉRITOS ALEGADOS

### 1.- SERVICIOS PRESTADOS E EXPERIENCIA PROFESIONAL.

<b>A) Concello de Begonte.</b>	<b>Duración</b>	<b>Categoría/Tarefas.</b>

<b>B1) Outra Administración Pública.</b>	<b>Duración.</b>	<b>Categoría/Tarefas.</b>

<b>B2) Empresa Privada.</b>	<b>Duración</b>	<b>Categoría/Tarefas.</b>

### 2.- CURSO DE FORMACIÓN:

### 3.- OUTROS MÉRITOS: